

Apelidos:

Nome:

Grupo:

Fundamentos xerais da historia de Rusia

1. Se tes Netflix, visualiza con calma os tres capítulos da serie da BBC El Imperio de los zares e responde ás seguintes preguntas sobre o zarismo en Rusia. Se non tes Netflix, pasa á seguinte pregunta.

- Quen foi o primeiro zar da dinastía Romanov? En que século reinou?
- En que situación estaban os servos na época dos dous primeiros zares Romanov? Que podían facer os amos con eles?
- En que quere converter Pedro o Grande Rusia a finais do século XVII?
- En que países estivo formándose Pedro o Grande como enxeñeiro naval?
- Que cidade fundou Pedro o Grande?
- Que foi a digna sucesora de Pedro o Grande? Que relación de parentesco tiña con el?
- A que científico invitou Catalina ao seu palacio e para que?
- Catalina era unha muller ilustrada, sen embargo, o seu sistema de goberno seguía a ser autoritario. Con que nome se coñece o concepto político que define a súa forma de goberno?
- No medio de que conflito e en que cidade europea tomaron as tropas rusas contacto coas ideas da ilustración e da revolución francesa?
- Como seguía sendo a maior parte de Rusia no século XIX? Cales eran os seus principais problemas?
- Cita os nomes dos catro zares que reinaron en Rusia ata o fin da dinastía Romanov.
- Que zar abolíu a servidume e cando?

- Que problemas presentou a abolición da servidume? Foi un avance real para os campesiños? Valórao.
 - Cal foi segundo o documental o primeiro grupo terrorista da historia? Por quen estaba formado?
 - Como foi o goberno de Alexandre III? Solucionou ou empeorou os problemas aos que se afrontaba o seu pai?
 - Como era o carácter do zar Nicolás II? Estaba preparado para reinar? Por que medidas se caracterizou o seu reinado?
 - Que feito trágico marcou a perda absoluta da confianza do pobo no seu zar?
 - En que ocupaba o tempo a familia real rusa? Describe o seu modo de vida.
 - Quen foi Rasputin e por que entrou en contacto coa familia real?
 - Por que os revolucionarios estaban en contra dos zares? Que pretendían?
 - Como terminou a familia Romanov os seus días?
2. Visualiza os dous primeiros capítulos da serie da BBC El imperio de los zares en Youtube e responde a todas as preguntas anteriores ata aquela na que comeza a entrar a materia do século XIX. Despois, visualiza o documental Los Romanov, esplendor y ocaso de una dinastía, dispoñible en Youtube, a partir do minuto 30. Logo, termina de responder a todas as preguntas do exercicio 1.
3. Rusia é, aínda a día de hoxe, un país cunha idiosincrasia singular. A súa historia está marcada pola división entre os partidarios dunha modernización á europea e os defensores da tradición oriental. Pedro I “o Grande” (1672-1725), partidario de implementar as costumes europeas na Rusia do seu tempo, prohibíu entre os nobres a indumentaria boiarda (nobres terraterentes) tradicional rusa, caracterizada por longas barbas, e obrigou aos seus servos a lucir a moda europea do momento. Abaixo, podedes ver dous retratos, cal é o do nobre ruso e o do nobre europeo? Que opinas desta medida de Pedro o Grande? Cres que sirveu para algo?



[Esta foto](#) de Autor desconocido está bajo licencia

4. Busca en Google Earth o Palacio de Peterhoff, residencia dos zares ata 1917. A 29 km de que cidade se atopa? Fai unha descripción a modo de redacción dos xardíns, do edificio e en xeral, da opulencia do seu conxunto a partir da visita virtual que debes realizar. Faino ben, fíxate nos detalles dos estanques, das fontes, das habitacións, e concreta en que estilo artístico podemos catalogar o palacio.